

CHARLA

A VIOLENCIA TOLERADA: MULLERES COMO SERVIZO E OBJECTO DE CONSUMO

Relatorio sobre a prostitución como forma de violencia activa cara as mulleres, estendida e naturalizada . Trátase dunha presentación do que é a realidade da trata sexual e a prostitución, partindo do marco legal, sinalando as situacións e consecuencias que sofren as mulleres que viven esta situación e comentando os datos desta realidade en Galiza.

Con esta acción de sensibilización, dirixida ao alumnado de FP de Ciclos Básicos e Medio, buscamos fornecer o posicionamento crítico e activo contra o maltrato machista na comunidade educativa do IES Val do Asma así como a prevención de futuros maltratadores no alumnado.

Será impartida por Roberto Ferreiro Eimil, con formación en pedagogía. Actualmente é o coordinador do **Centro de Día Oblatas "O'Mencer" en Ferrol**. Forma parte do equipo de coordinación dos proxectos europeos de Oblatas e con experiencia desenvolvendo proxectos de apoio en situación de prostitución en Salvador de Bahía e Belo Horizonte (Brasil), México DF e Ciudad Juárez (México), Tecum Uman (Guatemala). Actualmente colabora no proxecto de Oblatas en Cebú (Filipinas).

Destinatarios/as: alumnado de FP de Ciclos Básicos e Ciclos Medios

Relatora: Roberto Ferreiro Eimil, coordinador do **Centro de Día Oblatas "O'Mencer"**.

Data: martes 28 de marzo.

Horario: 11.45 a 13.25 h.

Espazo: Salón de Actos.

Organiza: IES Val do Asma.

Mais info: Departamento de Orientación.